

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 26 DE MARZO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada autonómica AC- 415 desde o p.q. 2+420 ao p.q. 7+680, a prol do Concello de Arteixo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución retalista de produtos petrolíferos e a súa posta en funcionamento, e se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se transforma o centro público integrado Vicente Otero Valcárcel en colexio de educación infantil e primaria e se crea un instituto de educación secundaria, ambos os dous no Concello de Carral (A Coruña).
- Decreto polo que se crea un instituto de educación secundaria no Concello de Culleredo (A Coruña).
- Decreto polo que se crea un colexio de educación infantil e primaria no Concello de Oleiros (A Coruña).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula o exercicio do dereito á libre elección de persoal médico de familia, pediatra e profesional de enfermaría en atención primaria, e de centro ou complexo hospitalario por un problema de saúde novo, no Sistema público de saúde de Galicia.



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e as comunidades autónomas de Galicia, La Rioja, Castilla-La Mancha, Illes Balears, Madrid, Extremadura e Valencia para a programación conxunta en materia de acción humanitaria, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación por unha contía de dezanove millóns setecentos trinta e cinco mil catrocentos quince euros con trinta e catro céntimos (19.735.415,34 euros), da obra de conversión en autovía do corredor CG-4.1. Subtreito I: p.q. 0+000 -3+250.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Coirós para a execución da obra de saneamento na parroquia de Santa María de Ois. 2ª fase. Coirós (A Coruña), clave OH.315.1049, por importe de trescentos sesenta mil cincocentos dezasete euros con vinte e un céntimos (360.517,21 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se inicia a tramitación do Decreto polo que se aproba o Regulamento único para a regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE).

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Rural e do Mar para a concesión de subvencións aos Consellos Reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento, por un importe total de catrocentos corenta e cinco mil novecentos cincuenta e sete euros con noventa e oito céntimos (445.957,98 euros).

INFORMES



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria de subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética referidos á renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes nos concellos de Galicia (ILE).
- Informe polo que a Xunta de Galicia autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Ourense para a mellora da praza de abastos.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a tramitación da Lei de patrimonio cultural de Galicia.



A XUNTA CEDE AO CONCELLO DE ARTEIXO UN TREITO DE CINCO QUILÓMETROS DA ESTRADA A CORUÑA-SABÓN (AC-415)

- ***A entrega dos bens materializarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***
- ***Corresponderanlle ao Concello de Arteixo, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación deste treito, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria***
- ***Cómpre lembrar que a Xunta destinou máis de 1,8 millóns de euros na mellora da seguridade vial na AC-415 Coruña-Sabón, no treito da travesía de Meicende e Pastoriza***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade dun treito da estrada AC-415, A Coruña-Sabón, que vai desde os puntos quilométricos 20+420 ao 7+680, a prol do Concello de Arteixo. Trátase dun tramo de máis de cinco quilómetros que comeza no límite de dito concello e finaliza na intersección coa estrada AC-552, na glorieta que dá acceso ao polígono de Sabón, atravesando ao seu paso varias travesías urbanas de poboación dos núcleos de Meicende, Pastoriza, Sol e Mar e Oseiro.

Para a tramitación deste cambio de titularidade séguese a tramitación prevista na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que regula os cambios de titularidade das estradas de titularidade autonómica ou treitos delas. Esta norma, que axilizou de modo importante a tramitación administrativa para estes procedementos, establece que deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

A entrega deste treito de estrada deberá formalizarse no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no DOG, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Corresponderanlle ao Concello de Arteixo, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos terreos sobrantes, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular dos terreos.





Nos últimos anos, a Xunta de Galicia executou importantes melloras nesta estrada no termo municipal de Arteixo, o que permite que hoxe se transfira a súa titularidade a esta entidade local nunhas axeitadas condicións para a súa xestión.

En concreto, levouse a cabo a mellora da seguridade vial na AC-415 Coruña-Sabón, no treito da travesía de Meicende e Pastoriza, entre os puntos quilométricos 1 + 600 ao 5 + 100. O investimento desta actuación acadou os 1.892.172,10 euros. Grazas a execución desta obra, fíxose unha importante rehabilitación do firme e melloráronse as interseccións.

Máis recentemente, no verán do pasado ano 2014, no marco dos traballos de conservación de estradas que realiza a Xunta de Galicia na rede da súa titularidade repintáronse todas as marcas viais da AC-415 no concello de Arteixo.



A XUNTA ACTIVA A XANELA ÚNICA PARA FACILITAR A APERTURA DE GASOLINEIRAS EN GALICIA DE CARA A INCREMENTAR A COMPETENCIA E DIMINUÍR OS PREZOS

- ***O Consello da Xunta aproba o decreto de hidrocarburos, unha norma pioneira que fai de Galicia a primeira comunidade cun procedemento integrado que simplifica a tramitación administrativa para promover a posta en marcha de novas estacións de servizo***
- ***O procedemento centralízase na Consellería de Economía e Industria, e substitúese un mínimo de catro autorizacións necesarias ata o de agora, incluída a licenza de obra e comunicación previa ao concello, por un só proceso administrativo que se resolverá nun máximo de 6 meses***
- ***Refórzase o labor de control co obxectivo de que ningún operador supere o 30% da cota de mercado por provincia, e que os operadores que xa superan este límite non poidan abrir novos establecementos***

O Goberno galego segue a traballar dando os pasos necesarios para elevar a competencia na venda retalista de combustibles de automoción e reducir os prezos. Neste sentido, o Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o procedemento para a apertura de instalacións de subministración de carburantes e combustibles petrolíferos en Galicia. Con esta norma, o Goberno galego simplifica e acurta os trámites para impulsar novas gasolineras, de cara a acadar un maior número de operadoras e así abaratar os prezos dos carburantes. Este obxectivo redundará en beneficio da competitividade da economía galega.

Trátase dunha norma pioneira que fai de Galicia a primeira comunidade autónoma que establece un procedemento integrado para a apertura de gasolineras. Neste sentido, o procedemento centralízase na Consellería de Economía e Industria, o que permite substituír un mínimo de catro autorizacións necesarias ata o de agora, incluída a licenza de obra e comunicación previa ao concello, por unha soa tramitación administrativa. Así, fronte ao anterior modelo, no que interviñan distintos entes autonómicos e as administracións locais, o novo sistema establece unha xanela única onde se coordinarán todos os trámites administrativos necesarios para a implantación dun novo establecemento.

Este procedemento integrado permitirá rebaixar o tempo de tramitación dun proxecto, establecendo un límite máximo de 6 meses desde a recepción da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen unha resolución, esta terá efectos estimatorios. Así mesmo, durante o transcurso do procedemento, os tempos para a emisión dos informes, declaracións ou autorizacións precisas redúcense a un máximo de 2 meses, e tamén se determina o silencio positivo no caso de ausencia de contestación.



Neste contexto, cómpre salientar que a norma determina, ademais, un trámite de consulta previa co obxectivo de axilizar o procedemento. Esta consulta farase ante o órgano coordinador, que solicitará, nun máximo dun mes, a opinión da Administración titular da vía pública a través da que se propoña o acceso á estación. Deste xeito, axilízase aínda máis a posta en marcha dun novo proxecto e contribúese ao correspondente efecto dinamizador nas economías locais.

Labor de control

Por outra banda, a norma mellora tamén o labor de vixilancia da Administración, reforzando o control sobre o cumprimento do límite imposto aos operadores para que non superen o 30% da cota de mercado por provincia, e que os operadores que xa superen esta cota non poidan abrir novos establecementos. O obxectivo é que ningunha empresa poida contar cunha posición de dominio.

Os empresarios interesados en abrir unha nova gasolinera estarán obrigados a presentar ante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas os contratos que poidan subscribir cos operadores. Deste xeito, a propia Dirección Xeral poderá comprobar que ningún destes operadores supere a cota establecida, sendo así garantes do cumprimento da normativa.

Outras actuacións

Coa aprobación deste decreto, a Xunta de Galicia segue as indicacións apuntadas no seu día polo Consello Galego de Competencia, que avogaba tanto por facilitar a instalación de novas gasolineras como por reforzar o control sobre as xa existentes.

Neste contexto, o Goberno galego está a impulsar outras medidas encamiñadas a reforzar o cumprimento destas recomendacións. Así, estanse a reforzar os criterios de competencia nos procedementos de concesión ou autorización de estacións de servizo, ponderando de forma favorable e cun peso significativo que a empresa solicitante non estea presente no termo municipal ou na estrada correspondente. Ademais, no contexto da Axenda galega da competitividade, Galicia industria 4.0, os parques empresariais aptos para a instalación de estacións de servizo contan xa con importantes rebaixas que poden chegar ata o 50% no custo do solo.

Deste xeito, a Xunta aspira a contribuír no obxectivo de modificar o actual comportamento dun mercado no que a baixada de prezos do gasóleo sen impostos durante o ano 2014 é menor en Galicia que no conxunto de España.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS DECRETOS DE CREACIÓN DO CEIP DE NÓS EN OLEIROS E DOS NOVOS IES DE CARRAL E DE CULLEREDO, NOS CALES CULTURA E EDUCACIÓN INVISTE PRETO DE 13 MILLÓNS DE EUROS

- *Estes centros, que entrarán en funcionamento o vindeiro curso escolar, responden á alta demanda de escolarización na área metropolitana da Coruña, xa que se crean preto de 1.300 novas prazas educativas*
- *O equipo de docentes dos tres colexios ascende a 79 profesores, dos cales 38 impartirán clase no IES de Culleredo, 28 no CEIP de Oleiros e 13 no IES de Carral*

O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos polos que se crean o CEIP de Nós (en Oleiros) e os novos institutos de educación secundaria de Carral e de Culleredo, todos eles na área metropolitana da Coruña. Así mesmo, tamén deu luz verde á transformación do centro público integrado Vicente Otero Valcárcel (de Carral) e en colexio de educación infantil e primaria (CEIP).

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destina preto de 13 millóns de euros a estes novos centros, dos cales case 12 millóns corresponden ás obras de construción propiamente ditas e o outro millón restante destínase a equipamento e gastos de funcionamento. Cómpre salientar que a apertura destes centros supón a creación de preto de 1.300 novas prazas para a escolarización de nenos e nenas nestes tres concellos. Ademais, o equipo de docentes estará formado por 79 profesores, 38 dos cales impartirán docencia no IES de Culleredo, 28 no CEIP de Nós en Oleiros e 13 novos no IES de Carral (que se sumarán aos docentes de secundaria que procederán do actual CPI Vicente Otero Valcárcel).

Deste xeito, coa súa posta en marcha o Goberno galego está atendendo ás necesidades educativas destes concellos da área metropolitana da Coruña, onde se está a experimentar un importante aumento da poboación desde hai anos e, deste xeito, unha maior demanda de prazas.

Novo CEIP de San Pedro de Nós, en Oleiros

Segundo o decreto aprobado hoxe, o novo CEIP de San Pedro de Nós (en Oleiros) e integrará o alumnado da Escola de Educación Infantil (EEI) de Vilar, na mesma localidade. Deste xeito, o profesorado adscrito con carácter definitivo a este EEI de Vilar integrarase de forma definitiva no novo CEIP de Nós, mantendo para os efectos do concurso de traslados a antigüidade que posuían no centro de orixe.

A Consellería de Cultura e Educación leva investidos preto de 4 millóns de euros neste novo CEIP de Oleiros, cuxas obras está previsto que rematen o vindeiro mes de xullo, polo que estará totalmente preparado para acoller o alumnado a partir de setembro cando se inicie o curso 2015/16. Trátase dun centro con capacidade para 450



alumnos e alumnas ao contar con 6 aulas de educación infantil e 12 aulas de primaria. Ademais, estará dotado con 2 aulas de informática, 4 aulas de pequeno grupo e outra polivalente, así como de biblioteca, ximnasio, vestiarios, aseos, unha sala de profesores, sala de ANPA e comedor.

Novo IES de Carral

O novo IES de Carral cuxas obras está previsto que rematen o próximo mes de agosto supuxo un investimento de máis de 3,6 millóns de euros por parte da Consellería de Cultura e Educación. O seu decreto de creación aprobado hoxe establece que o novo centro acollerá o profesorado de educación secundaria do actual Centro Público Integrado (CPI) Vicente Otero Valcárcel. É dicir, que os mestres e mestras adscritos a prazas de 1º e 2º curso de ESO e o profesorado de secundaria adscrito con carácter definitivo ao CPI Vicente Otero Valcárcel quedarán adscritos de xeito definitivo ao novo IES de Carral.

Así mesmo, o decreto establece tamén a conversión do CPI Vicente Otero Valcárcel en colexio de educación infantil e primaria (CEIP), polo que mestres e mestras adscritos ao ata o de agora CPI en prazas de educación infantil e primaria quedarán adscritos definitivamente ao novo CEIP Vicente Otero Valcárcel.

O novo IES de Carral terá unha superficie total construída de máis de 2.900 m² dos cales 139 son de patio cuberto. O edificio estará distribuído en dous andares con 12 aulas de educación secundaria obrigatoria, o que supón 360 prazas para o alumnado. Tamén contará, na súa planta baixa, con ximnasio, biblioteca, cafetaría, aula de informática, zona de administración, despachos de dirección, sala para a ANPA, aseos adaptados a persoas con discapacidade e zona de servizos e instalacións. Na planta primeira instalarán o taller de tecnoloxía, as aulas de música e de educación plástica e visual, o laboratorio de ciencias experimentais, 3 aulas de apoio, reforzo e desdoblamento, seminarios e aseos de alumnado e profesorado.

Novo IES de Culleredo

A Consellería de Cultura e Educación está a investir uns 4,5 millóns de euros na construción do novo IES de Culleredo, cuxas obras rematarán o vindeiro mes de decembro. O decreto de creación deste instituto aprobado hoxe establece a desagregación do actual IES Eduardo Blanco Amor, polo que se dá resposta ao aumento de poboación escolar no concello de Culleredo nos últimos anos.

O profesorado adscrito con carácter definitivo ao IES Eduardo Blanco Amor poderá adscribirse voluntariamente, de forma definitiva, ao novo centro nun número igual ao de prazas que se creen por cada especialidade.



O instituto contará con 16 unidades (12 de ESO e 4 de bacharelato) para 480 alumnas e alumnos. A superficie total construída ascenderá a 4.855,86m², aos cales se engadirán 1.188,60m² de pista polideportiva cuberta que, xunto co ximnasio e os vestiarios, terá acceso independente desde a vía pública.



O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA APROBA O DECRETO DE LIBRE ELECCIÓN DE MÉDICO DE FAMILIA, PEDIATRA, ENFERMEIRO E HOSPITAL

- ***É un dos decretos que desenvolve a nivel normativo a lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias***

O Consello da Xunta, reunido no día de hoxe, vén de aprobar o texto do decreto polo que se regula a libre elección de médico de familia, pediatra e persoal de enfermería, no ámbito de atención primaria, e de centro hospitalario no sistema público de saúde de Galicia.

Este é un dos decretos que conforma o desenvolvemento normativo da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias xunto co decreto que regula o dereito ao exercicio da segunda opinión médica e o funcionamento do Rexistro Galego de Instrucións previas sobre os cuidados e tratamento de saúde.

Por primeira vez, se establece un sistema no que o paciente ten a facultade de elixir, no exercicio da súa autonomía de decisión, os profesionais sanitarios que atenderán a súa saúde e o hospital no que desexa ser atendido do seu problema de saúde.

A atención sanitaria deixa de estar vinculada ao domicilio pasando a ser decidida polos pacientes, segundo ás súas preferencias, quedando sempre a salvo os criterios de planificación sanitaria e de dispoñibilidade dos profesionais, para que a elección sexa factible e eficaz.

Así, tanto para a atención polos profesionais como para a elección do hospital, establécese o procedemento para a solicitude, tramitación e resolución, que se desenvolverá na respectiva xerencia de xestión integrada.

Este proxecto está enmarcado na Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, que sinala que facer efectiva a libre elección vai a contribuír á mellora do Sistema Público de Saúde de Galicia, impulsando e garantindo a equidade en saúde e a igualdade de trato, así como, unha mellor identificación do cidadán co propio sistema sanitario.



A XUNTA E A AECID COLABORARÁN NA REALIZACIÓN DE ACCIÓNS CONXUNTAS EN MATERIA DE ACCIÓN HUMANITARIA

- ***O Consello aprobou hoxe un convenio multilateral que tamén será asinado polas Comunidades Autónomas de La Rioja, Castilla-La Mancha, Illes Balears, Extremadura, Valencia e Madrid***
- ***Mellorarase a coordinación entre AECID e as comunidades autónomas asinantes para a posta en marcha de actuacións conxuntas en materia de acción humanitaria***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a suscripción dun acordo de colaboración entre o goberno galego e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), para a programación conxunta de actuacións en materia de acción humanitaria. Trátase dun convenio multilateral, que tamén será asinado polas comunidades autónomas de La Rioja, Castilla-La Mancha, Illes Balears, Madrid, Extremadura e Valencia.

Con este acordo preténdese mellorar a coordinación entre a AECID e as comunidades asinantes para a posta en marcha de actuacións de organismos multilaterais especializados en acción humanitaria para intervencións en crises e situacións de emerxencias. Estas intervencións virán establecidas polos chamamentos internacionais das Nacións Unidas e o Movemento Internacional da Cruz Vermella, especialmente nos sectores relativos á protección, atención sanitaria, auga e saneamento e seguridade alimentaria.

Segundo se desprende do convenio, a AECID deberá aboar tres millóns de euros repartidos entre as anualidades 2015-2017, mentres que as Comunidades Autónomas asinantes achegarán 150.000 euros cada unha. O convenio manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

A axencia estatal será a encargada de distribuír este diñeiro ás organizacións internacionais beneficiarias, xustificar o seu correcto emprego e promover e coordinar o seguimento dos programas financiados polas entidades participantes facilitando grupos de traballo temáticos e xeográficos, iniciativas de comunicación á cidadanía sobre as actuacións desenvolvidas, ademais de eventuais visitas ao terreo para un maior acceso á información.

O convenio segue a liña marcada polo IV Plan director da cooperación española 2013-2016, que ten entre os seus obxectivos mellorar a articulación de todos os actores da Cooperación Española e definir máis claramente complementariedades e diferenciacións, para lograr unha división do traballo estruturada que redunde na eficacia do desenvolvemento e da acción humanitaria.



Así mesmo, tamén cumpre co III Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, que establece como resultado de xestión a necesaria coordinación coa Cooperación Española e co resto de cooperación autónomas, de cara á mellora da calidade da axuda, para o que define unha liña de acción que fomente a participación activa da nosa Comunidade nos espazos e iniciativas de coordinación coa Cooperación Española.



A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE PRETO DE 20 MILLÓNS DE EUROS NA EXECUCIÓN DO DESDOBRAMENTO DA CONVERSIÓN EN AUTOVÍA DO CORREDOR DO MORRAZO NO TREITO RANDE-DOMAIO

- *O Goberno galego dá un novo paso cara ao seu compromiso de licitar, adxudicar e iniciar as obras en 2015*
- *Trátase dunha actuación que procura mellorar a calidade de vida dos veciños e favorecer a actividade económica desta comarca do Morrazo*
- *O proxecto correspondente ao primeiro tramo, o que une Rande-Domaio, recolle a conversión en autovía ao longo de arredor de 3 quilómetros de lonxitude*
- *Como principais peculiaridades desta solución, cabe destacar que se duplica o túnel de Montealegre pola marxe esquerda e que se duplica o viaduto da Moura pola marxe dereita*
- *A Consellería de Medio Ambiente tamén avanza na redacción dos tramos II e III*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá o proxecto de acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 19.735.415,34 euros, para a execución da obra de conversión en autovía do Corredor CG-4.1. Subtreito I: p.q. 0+000 3+250”.

A conversión do corredor do Morrazo en autovía reducirá os problemas de capacidade de infraestrutura actual, redundará en maior seguridade viaria, favorecerá a mobilidade e mellorará a vertebración e a estrutura territorial de comunicacións da comarca do Morrazo co eixe atlántico. Trátase, polo tanto, dunha actuación que procura mellorar a calidade de vida dos veciños e favorecer a actividade económica desta comarca do Morrazo.

Co fin de facer viable esta actuación, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas decidiu dividir a actuación en tres subtreitos. Actualmente estanse a ultimar os proxectos construtivos do segundo e do terceiro tramo. O proxecto correspondente ao primeiro deles, o que une Rande-Domaio, está rematado, e recolle a conversión en autovía do actual corredor ao longo de arredor de 3 quilómetros de lonxitude.

Neste percorrido proxéctanse catro estruturas principais:

- Un viaduto no enlace de Rande, de 73 m, sobre a glorieta existente. Servirá para segregar o tráfico procedente do corredor, que ten como



destino a autoestrada AP-9, que non terá necesidade de pasar pola glorieta, polo que mellorará a fluidez do seu tráfico.

- Un túnel de preto de 134 m (84 m de túnel en mina máis as bocas de entrada e saída) que minimizará a afección aos restos arqueolóxicos do Castro e petróglifos de Vistalegre e asegurará a estabilidade a longo prazo dos noiros.
- Un viaduto de 415 m para salvar o río Minouva e a Poza da Moura.
- Unha pasarela peonil no p.q. 2 + 400

É de salientar que no desenvolvemento da solución proxectada no enlace de Rande se tivo en consideración o inminente inicio das obras de ampliación da capacidade da autoestrada AP-9, que afectarán a xeometría da estrutura singular atirantada que atravesa a ría de Vigo polo estreito de Rande e a propia autoestrada neste treito, coa finalidade de non interferir coa localización do piar previsto para o novo viaduto de aproximación ao taboleiro lateral de ampliación da ponte de Rande.

Ademais, coa autorización do Ministerio de Fomento, deseñouse un acceso á autoestrada de maior lonxitude que o actual, que facilitará o cambio de carril para os vehículos que, procedentes da glorieta de Rande, desexen acceder ao ramal en dirección Pontevedra.

O subtreito I comeza no enlace de Rande (conexión co acceso á AP-9 e ás estradas PO-551 e N-554) e discorre en dirección leste-oeste desprazándose ao norte, realizando o desdoblamento de forma alternativa pola esquerda e pola dereita, e finaliza no enlace de Domaio.

Prevese a duplicación pola marxe esquerda aproximadamente ata o p.q. 1 + 600, e pola marxe dereita a partir do p.q. 1 + 800, e realizarase a necesaria transición entre ambos os puntos quilométricos. Como principais peculiaridades desta solución, cabe destacar que se duplica o túnel de Montealegre pola marxe esquerda (o da ría) e que se duplica o viaduto da Moura pola marxe dereita.

Na primavera de 2015 licitarase a execución das obras deste subtreito 1, que comezarán antes de que remate o ano 2015. As obras terán un prazo de 24 meses, polo que poderán estar finalizadas en 2017.


Decreto de expropiacións

Hai que lembrar que o Consello da Xunta de Galicia aprobou o pasado mes de febreiro o decreto de urxente ocupación que permitirá iniciar o trámite expropiatorio en todo o trazado do corredor do Morrazo para o seu desdoblamento e conversión en autovía. Estímase que as expropiacións terán un importe total de 1,1 millóns de euros para un total de 105 predios afectados, cunha superficie de 101.315 m².



O desdobramento previsto dos 11 km de corredor efectuarase mediante a construción o máis eficiente posible, evitando o seu desenvolvemento polas zonas máis inaccesibles, razón pola que as citadas expropiacións son necesarias.

Con este decreto e a autorización de hoxe a Xunta avanza no seu obxectivo de converter o corredor do Morrazo en autovía, ao tempo que representa un novo paso no compromiso do Goberno galego de licitar, contratar e iniciar as obras de desdobramento do corredor do Morrazo neste 2015.



A XUNTA INVISTE MÁIS DE 360.000 EUROS NA SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO DE SANTA MARÍA DE OIS, EN COIRÓS, PARA COMPLETAR O SEU SISTEMA DE DEPURACIÓN

- ***Con esta obra preténdese cumprir o obxectivo de dotar de servizo de saneamento practicamente o 100 % das vivendas da zona de actuación***
- ***Proxéctase unha rede de saneamento de augas residuais formada por 10 colectores de PVC e 315 mm de diámetro, cunha lonxitude total de 1.778 metros, cos seus correspondentes pozos, que suman un total de 59***
- ***Cómpre lembrar que no ano 2012 a Xunta entregou ao Concello de Coirós a primeira fase do saneamento para a parroquia de Santa María de Ois, na cal o Goberno galego investiu máis dun millón de euros***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Coirós para a execución da segunda fase da obra de saneamento na parroquia de Santa María de Ois.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achega un investimento de máis de 360.000 euros para a execución destas obras de carácter hidráulico.

O núcleo de Santa María de Ois e a parroquias circundantes están dotados dunha rede separativa de saneamento, pero existen zonas que quedaron excluídas das fases precedentes de construción de colectores. Coa execución desta 2ª fase preténdese cumprir o obxectivo de dotar de servizo de saneamento practicamente o 100 % das vivendas da zona de actuación.

Proxéctase unha rede de saneamento de augas residuais formada por 10 colectores de PVC e 315 mm de diámetro, cunha lonxitude total de 1.778 metros, cos seus correspondentes pozos, que suman un total de 59.

O departamento que dirixe Ethel Vázquez, mediante este tipo de colaboracións técnicas e financeiras cos concellos galegos, pretende resolver as carencias en infraestruturas nos municipios, mellorando así a calidade de vida dos cidadáns e fomentando o desenvolvemento económico e social.

Primeira fase

Cómpre lembrar que no ano 2012 a Xunta entregou ao Concello de Coirós a primeira fase do saneamento para a parroquia de Santa María de Ois, na cal o Goberno galego investiu máis dun millón de euros.



Con esta obra dotouse a zona dun sistema de rede separativa de colectores de residuais, o que permite o posterior tratamento dos caudais recollidos a través da EDAR da Espenuca, en Coirós.

Esta nova rede recolle as augas fecais dos lugares de A Anta, A Berbecha, Castrillón, A Costa, A Fontela, Os Loureiros, Parada, As Penas, Recebés e Xora.



A XUNTA IMPULSA O EMPRENDIMENTO COA CREACIÓN DE ENTIDADES DE CERTIFICACIÓN QUE GARANTEN A POSTA EN MARCHA DE NOVOS PROXECTOS

- ***As Entidades de Certificación de Conformidade Municipal (ECCOM) encádranse no contexto da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que suprimiu a licenza municipal por unha comunicación previa***
- ***As ECCOM facilitan a tramitación administrativa dos proxectos empresariais, xestionando dita comunicación previa e asumindo a responsabilidade do seu contido fronte á administración pública***
- ***Estas entidades, de carácter voluntario, avaliarán se a instalación ou actividade é conforme a dereito coa normativa sectorial e municipal***
- ***Co desenvolvemento da Lei do emprendemento, o Goberno galego segue a dar resposta ás necesidades dos empresarios e emprendedores aportando máis facilidades para o impulso de novos proxectos***
- ***A Lei do emprendemento permite a apertura inmediata dun negocio reducindo o tempo de tramitación entre 3 e 6 meses***
- ***Dase así un novo paso no fomento do emprendemento empresarial para o que a Consellería de Economía e Industria destina este ano 5,5 millóns de euros***

O Goberno galego ten no emprendemento un instrumento clave na dinamización económica e no impulso de novos proxectos empresariais en Galicia, de cara a consolidar o crecemento e xerar emprego. Así, o Consello da Xunta aprobou hoxe o inicio da tramitación do decreto que desenvolve a Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia no relativo á eliminación das licenzas municipais, creando as Entidades de Certificación de Conformidade Municipal (ECCOM), que facilitarán aos emprendedores as tramitacións a levar a cabo ante a administración, aportándolle seguridade e garantías na posta en marcha dos seus proxectos.

A Lei do emprendemento suprimiu –con carácter xeral- a necesidade de licenza municipal de obra e actividade para o exercicio de calquera actividade económica, agás das que requiran dun proxecto técnico de edificación. Deste xeito, para a posta en marcha dunha nova actividade empresarial abonda coa comunicación previa ao concello, xunto coa documentación que garanta, no caso de que sexa preciso, o cumprimento dos requisitos ambientais, de seguridade e salubridade.

Neste escenario, as ECCOM facilitarán a presentación de dita comunicación previa, así como da documentación que se debe acompañar, certificando se a instalación ou actividade é conforme coa normativa sectorial e municipal. Estas entidades configúranse como as únicas responsables fronte ás administracións públicas do contido das certificacións. Desta forma, confiren seguridade ao investidor ao resultar responsables de calquera erro na documentación ou na execución.



O Goberno galego dá así un novo paso na simplificación administrativa de novos proxectos empresariais, así como na súa seguridade e garantía. Entres os trámites que xestionan e dos que responden, atópase a memoria explicativa de actividade, a xustificación dos pagos dos tributos municipais, o proxecto e a documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade, ou as autorizacións e informes que sexan preceptivos.

Estas entidades serán rexistradas pola Consellería de Economía e Industria, previa acreditación na ENAC, debendo subscribir pólizas de seguro que cubran os riscos da súa responsabilidade.

Co desenvolvemento da Lei do emprendemento, o Goberno galego segue a dar resposta ás necesidades dos empresarios e emprendedores aportando máis facilidades á posta en marcha de proxectos. Así, a aplicación da norma, a través da supresión de licenzas, permite aforrar entre 3 e 6 meses de tramitación administrativa e activar os negocios de maneira inmediata grazas á presentación de comunicación previa.

Aposta polo emprendemento

Neste contexto, a activación das ECCOM supón un novo impulso ao emprendemento como motor de crecemento económico, para o que o Goberno galego traballa na creación dun marco favorable e estable. Por este motivo, xunto á mencionada eliminación dos obstáculos administrativos promovida pola Lei do emprendemento, a Xunta está a coordinar os recursos dispoñibles e a favorecer o investimento.

Así, durante este ano destínanse 5,5 millóns de euros para apoiar novos proxectos empresariais. Unha cifra que se complementa co fortalecemento das oportunidades de financiamento alternativo a través da Rede de Investidores Privados; co traballo desempeñado pola Unidade Galicia Emprende, destinada a dar un servizo integral de apoio e asesoramento para a creación de empresas; ou coa posta en marcha da Rede Galega de Viveiros.



UN TOTAL DE 23 CONSELLOS REGULADORES RECIBIRÁN 445.000 EUROS EN AXUDAS PARA APOIAR O SEU FUNCIONAMENTO

- ***Con estes fondos, que se conceden anualmente, contribúese ao desenvolvemento das funcións destas entidades clave no fomento e promoción da súa produción e no control de alimentos de calidade***

O Goberno galego impulsa a promoción dos alimentos de calidade e o seu consumo con axudas por un importe total de 445.957,98 euros destinadas aos gastos de funcionamento de 23 consellos reguladores de produtos agroalimentarios da nosa Comunidade. O Consello da Xunta aprobou hoxe estas subvencións destinadas a un sector fundamental para a economía galega.

Con estes fondos, que se conceden anualmente, contribúese ao desenvolvemento das funcións destas entidades, clave no fomento e promoción da súa produción e no control de alimentos de calidade. Estas subvencións son de especial relevancia para os consellos reguladores cunha facturación global máis pequena e para os de recente creación, xa que son os que teñen maiores dificultades de autofinanciamento.

En Galicia os produtos de calidade supoñen unha facturación anual duns 300 millóns de euros e implican a case 30.000 explotacións agrarias –moitas delas de carácter familiar– e a 900 industrias. Os consellos reguladores son os organismos encargados da xestión destas producións, de velar polo seu prestixio no mercado e de difundir o seu coñecemento, o que repercute en beneficio de todos os cidadáns.

Nesta liña, resulta fundamental para a economía galega –e polo tanto para os cidadáns– manter e intensificar a asociación Galicia/alimentos de calidade que existe nos consumidores do mercado español, na medida en que se dá valor á “marca” Galicia, o que ten indubidables efectos positivos.



A XUNTA ACTIVA UNHA NOVA ORDE DE ILUMINACIÓN PÚBLICA EXTERIOR QUE PERMITIRÁ A 50 CONCELLOS GALEGOS AFORRAR 4,5 MILLÓNS DE EUROS

- ***A Consellería de Economía e Industria destina 1,4 millóns a un programa que nos últimos seis anos beneficiou a preto de 230 concellos, o 75% do total da Comunidade***
- ***A contía da axuda será do 70% do investimento, e incrementarase nun 15% para as agrupacións e fusións con respecto ao que lle correspondería a cada municipio de xeito individual***
- ***As actuacións permitirán reducir ata nun 50% a factura eléctrica das zonas beneficiadas, contribuíndo á mellora da situación económica dos concellos***
- ***Esta liña de apoios encádrase na aposta do Goberno galego polo aforro e a eficiencia enerxética nas administracións locais, que permitiu no último ano desenvolver outras iniciativas como a instalación de medio cento de caldeiras de biomasa nos municipios***

A Xunta de Galicia, na procura de medidas de aforro e eficiencia enerxética a nivel local prestando apoio económico aos concellos, activa unha nova convocatoria da liña para a renovación de iluminación pública exterior, coa que aspira a beneficiar este ano máis de medio cento de municipios galegos que acadarán un aforro económico conxunto de case 4,5 millóns de euros durante os dez anos de vida útil dos equipamentos, o equivalente ao consumo anual dunhas 760 familias.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria dá continuidade ao traballo desenvolvido nos últimos 6 anos a través desta liña do Inega, que ten permitiu mobilizar 22 millóns de euros en 230 concellos galegos, o 75% do total, que puideron acceder a axudas para renovar os seus equipamentos por outros máis eficientes, desenvolvendo proxectos que supoñen aforros de ata un 50% no custo da factura eléctrica das zonas beneficiadas.

A convocatoria, da cal se informou hoxe no Consello da Xunta, suma este ano 1,4 millóns de euros e achegará apoios do 70% do investimento, que se verán incrementados, unha vez máis, nun 15% para as agrupacións e fusións municipais.

As actuacións que se deberán levar a cabo céntranse na mellora da iluminación pública exterior, eido que supón, de media, o 70% do consumo eléctrico dun municipio. Así, xunto co aforro económico, xerarase un aforro enerxético de máis de 2.650.000 kWh/ano, ao tempo que se reducirán as emisións de CO₂ á atmosfera nunhas 1.700 toneladas por exercicio, o equivalente a plantar arredor de 86.000 árbores.

Desta forma, a Consellería de Economía e Industria segue a apostar pola eficiencia enerxética nos concellos galegos, un compromiso reforzado con outras actuacións,



como a orde de axudas para a implantación de caldeiras de biomasa, que permitiu o ano pasado a implantación de 80 equipamentos en medio cento de concellos galegos que están a obter, de modo conxunto, un aforro anual de 250.000 euros.

A Xunta segue así a apostar polo aforro e a eficiencia enerxética municipal, así como polo fomento da utilización de fontes renovables. Esta aposta complementábase co asesoramento enerxético de carácter multidisciplinar que presta o Inega aos concellos, resolvendo as súas dúbidas e achegándolles ferramentas prácticas como o optimizador de facturación, dispoñible na web do Instituto -www.inega.es-, e que lles permite aos concellos galegos obter solucións prácticas para mellorar a súa factura eléctrica.



A XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO PARA MELLORAR A PRAZA DE ABASTOS DE OURENSE

- ***A actuación, para a cal a Consellería de Economía e Industria reserva preto de 60.000 euros, céntrase na substitución do pavimento interior da planta de carnicaría e peixaría e na instalación dun novo ascensor***
- ***O Goberno galego apoiou o comercio ourensán nos últimos 6 anos achegando máis de tres millóns de euros co obxectivo de impulsar as súas vendas***
- ***Nos últimos anos, dentro da estratexia de impulso ao comercio de proximidade, a Xunta facilitou as melloras e rehabilitacións en máis de 80 mercados galegos con apoios por máis de 17 millóns***

A Xunta de Galicia está a impulsar a modernización das prazas de abastos galegas como eixes vertebradores das economías locais. Neste eido o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura do convenio de colaboración do Goberno galego co Concello de Ourense para desenvolver as obras de mellora da praza de abastos municipal.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria, na súa vontade de apoiar a reforma da praza, reserva para a realización dos traballos preto do 60% dos case 100.000 euros do custo do proxecto, dentro da súa estratexia de apoio ao comercio de proximidade e o impulso das prazas de abastos como elemento dinamizador das vilas e cidades galegas. Neste sentido, as actuacións que se desenvolverán permitirán substituír o pavimento interior da planta de carnicaría e peixaría e a instalación dun novo ascensor, co obxectivo de reforzar o papel da praza como motor comercial de Ourense.

A Xunta segue así a colaborar co desenvolvemento do comercio local do concello como un dos eixes vertebradores da súa actividade económica. Así, o investimento previsto na praza súmase aos máis de tres millóns de euros que o Goberno galego leva destinados ao impulso do comercio de proximidade ourensán desde o ano 2009.

Neste contexto, a Consellería de Economía e Industria está a potenciar as prazas de abastos co obxectivo de consolidalas como líderes na venda de produtos frescos e de calidade, dando resposta ás novas necesidades dos consumidores ao tempo que se mantén a súa esencia, centrada na calidade, a diversidade e a atención ao cliente.

Os mercados teñen un valor estratéxico para o comercio de proximidade, e por iso a Xunta facilitou nos últimos anos actuacións en máis de 80 mercados, con apoios que superan os 17 millóns de euros. Ademais, estase a traballar na posta en marcha da Rede de Mercados Excelentes.



O apoio ás prazas de abastos é un dos eixes específicos da estratexia de apoio ao sector comercial da Consellería de Economía e Industria, que no que levamos de ano leva activados programas de apoio por 7,6 millóns de euros, centrados ademais de no impulso aos concellos na mellora dos mercados, no apoio ao asociacionismo comercial, a innovación e a modernización.



CULTURA E EDUCACIÓN INFORMA DO ANTEPROXECTO DE LEI DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA, QUE INCLÚE OS AVANCES DISPOSTOS NAS POLÍTICAS DE XESTIÓN PATRIMONIAL NAS DÚAS ÚLTIMAS DÉCADAS

- ***A lei, que procura unha simplificación normativa, definirá novas tipoloxías patrimoniais, a implicación dos concellos a través da habilitación legal e unha mellor protección do patrimonio sobranceiro de Galicia***
- ***Procúrase harmonizar a máxima protección e control dos bens coa axilización na xestión administrativa e a garantías para os propietarios e titulares do patrimonio***
- ***Logo da presentación desta iniciativa legal abrírase unha rolda de contactos previos coas distintas administracións, institucións e entidades procurando o máximo consenso***

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, deu conta no Consello da Xunta do informe do anteproxecto da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia que substituirá á Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, que suporá unha simplificación normativa respecto da actual situación, permitindo recoller os avances dispostos nas políticas de xestión patrimonial durante as dúas últimas décadas.

Esta nova norma superior procurará unha máis doada xestión administrativa e mellorar a seguridade xurídica da cidadanía respecto do noso patrimonio cultural. Así mesmo, a norma definirá novas tipoloxías patrimoniais, procurará a implicación dos concellos a través da habilitación legal e ofrecerá unha mellor protección do patrimonio sobranceiro de Galicia ao prever, entre outras medidas, non rebaixar en ningún caso o nivel de protección e control e a aplicación dun endurecemento do réxime sancionador no caso das infraccións moi graves.

Neste momento abrírase unha rolda de contactos previos coas distintas administracións, institucións, entes asociativos e organismos consultivos para trasladar a iniciativa e abrir o debate sobre a norma.

Simplificación legislativa e administrativa

O anteproxecto derroga e refunde o disposto na Lei 8/1995, de Patrimonio Cultural de Galicia, na Lei 3/1996, de protección dos camiños de Santiago, e na Lei 12/1991, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos Camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, redúcense a dúas as categorías de bens do patrimonio cultural de Galicia: bens de interese cultural e bens catalogados, que contarán con cadanseu instrumento de rexistro independente: o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e o Catálogo do patrimonio cultural de Galicia.



Na proposta, os Bens de Interese Cultural incluírán os BIC por declaración singular e diversos BIC *ope legis*. De xeito análogo, a categoría de Bens catalogados abranguerá todos os bens que figuren no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia; aqueles que estean contidos individualmente nos catálogos urbanísticos e os catalogados *ope legis*, como son as manifestacións escultóricas en madeira e pictóricas anteriores a 1600; e os pecios somerxidos con anterioridade a 1901 en espazos costeiros marítimos de Galicia.

Implicación dos concellos

Unha das principais novidades da lei vén determinada a través da habilitación legal para que os concellos poidan autorizar intervencións en determinados bens catalogados do patrimonio arquitectónico e etnolóxico, o que permitirá unha maior implicación e colaboración das entidades locais coa protección e salvagarda do Patrimonio Cultural propio e a axilización na tramitación de autorizacións. Neste momento está previsto que a habilitación sexa, en todo caso, voluntaria para os concellos.

Regulación de novos patrimonios e seguridade xurídica

A norma dotará dunha regulación específica a novas tipoloxías patrimoniais desenvoltas e reguladas despois do ano 1995. Mellorarase a protección especificamente nos eidos do patrimonio Inmaterial, o Subacuático, o Industrial e o Científico.

No caso do patrimonio inmaterial incorporaranse definicións e criterios do Convenio para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, recoñecendo o papel activo das comunidades na súa protección e sostemento. Por outra banda, o subacuático incluírá a catalogación *ex lege* dos pecios anteriores a 1901 somerxidos no mar territorial de Galicia e definirá uns principios claros de actuación acordes coa Convención da UNESCO que rexe na materia. Ademais, no caso do patrimonio industrial incluírase a presunción de valor segundo criterio de datación, o que garante unha maior seguridade xurídica, e asumírase a metodoloxía de actuación dun importante instrumento de xestión como é o Plan nacional de patrimonio industrial. E, finalmente, no caso do patrimonio científico, a avaliación realizarase de xeito singular e en función da natureza dos bens.

